

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BUEU

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

AMPLIACIÓN MEDIDAS ESTRATÉXICAS NA ORGANIZACIÓN DO TRABALLO, SERVIZOS PÚBLICOS CO OBXECTO DE PREVER E MINIMIZAR O IMPACTO SITUACIÓN EPIDEMIOLÓXICA. SUSPENSIÓN DAS SESIÓNS ORDINARIAS ÓRGANOS COLEXIADOS E DOS ACTOS DE CELEBRACIÓN DE MATRIMONIOS CIVÍS

Expediente: 1045/2020-Código SIA: 1398865.

Asunto: Adopción de medidas para a redución do risco de contaxio do COVID 19 nos lugares de traballo do concello de Bueu: protocolo de actuación.

Documento: Anuncio de alcaldía.

Trámite: Ampliación das medidas estratéxicas na organización do traballo e dos servizos públicos co obxecto de previr e minimizar, na medida do posible, o impacto que a situación epidemiolóxica. Suspensión das sesións ordinarias dos órganos colexiados e dos actos de celebración de matrimonios civís.

ANUNCIO DE ALCALDÍA

Esta alcaldía, aprobou mediante resolución núm. 2020-0412, de data 13 de marzo de 2020, un protocolo de actuación unha serie de medidas extraordinarias, de carácter temporal e preventivo, que, en todo caso, permitan o mantemento das prestacións básicas aos cidadáns, que aúnen a protección da saúde das empregadas e empregados públicos ao servizo do concello de Bueu coa adecuada prestación dos servizos públicos, tendo en conta a situación actual de contención reforzada contra a transmisión do Novo Coronavirus COVID 19

Na data seguinte, 14 de marzo, o Goberno de España, declarou o Estado de Alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, mediante o Real decreto 463/2020 (BOE núm. 67), en aplicación do art. 4 (aptdos. B e d) da lei orgánica 4/81, de 1 de xuño, dos estados de alarma, excepción e sitio, que afecta á totalidade do territorio nacional consonte dispón o seu artigo 2º.

A duración do estado de alarma que se declara polo citado real decreto é de quince días naturais, coa habilitación prevista na disposición final segunda de que durante a vixencia do estado de alarma declarado, o Goberno de España poderá ditar sucesivos decretos que modifiquen ou amplíen as medidas establecidas neste, dos cales haberá de dar conta ao Congreso dos Deputados de acordo co previsto no artigo oitavo. dous da Lei Orgánica 4/1981, do 1 de xuño.



Mércores, 1 de abril de 2020

Núm. 63

De especial relevancia para este acto resultan, no que respecta ao estado de alarma declarado, por unha banda, á limitación de circulación das persoas prevista no artigo 7 do Real decreto 463/2020, así como as suspensións dos prazos previstos nas disposicións adicionais segunda, terceira e cuarta da citada norma do estado que implica a suspensións dos termos e interrupción dos prazos previstos nas leis procesuais para todas as ordes xurisdicionais, a suspensións dos termos e interrupción dos prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público, con aplicación a todo o sector público definido na lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo común, así como dos prazos de prescrición e caducidade de calquera accións e dereitos.

Esta suspensión será de aplicación durante o prazo de vixencia do estado de alarma e, no seu caso, das prórrogas que se adoptaren

En virtude do anterior, mediante resolución de alcaldía núm. 2020-421 de data 18.03.2020 resolveuse, entre outros, o seguinte:

1º.—Adoptar as seguintes medidas complementarias das contidas no Protocolo de actuación aprobado por resolución núm. 2020-0412, de data 13 de marzo de 2020, do seguinte xeito:

a) Establecer que os servizos de atención ao público se realizarán, de xeito exclusivo, mediante atención telefónica e/ou telemática (sede electrónica e/ou correos electrónicos).

b) Ordear a suspensión da totalidades das sesións periódicas ou ordinarias dos órganos colexiados municipais (Xunta de Goberno Local, Pleno da Corporación, Comisións Informativas, Comisións de valoración, Tribunais de procedementos selectivos ou análogos a excepción daquelas directamente relacionadas co seguimento do COVID-19 no ámbito municipal que se puidera celebrar para estudar entre outros temas, a colaboración coas autoridades sanitarias, a atención á cidadanía, en especial ás persoas máis vulnerables, a suspensión de cobro de taxas, así como todos aqueles aprazamentos e fraccionamentos de taxas, impostos, etc, que fose preciso levar a cabo para os sectores económicos afectados pola crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

2º.—Ordear a suspensión da celebración dos actos de vodas civís que xa estiveran autorizadas durante o prazo de vixencia do estado de alarma e, no seu caso, das prórrogas que se adoptaren. .../...

A Resolución producirá efectos desde o momento da súa firma e será de aplicación durante o prazo de vixencia do estado de alarma e, no seu caso, das prórrogas que se adoptaren.

O que se publica para xeral coñecemento

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE A MARXE

